

RESOLUCIÓN DA XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DO MAR DE VIGO POLA QUE SE AUTORIZA O EMPREGO DA LISTA DE RESERVA XURDIDA DA RELACIÓN DEFINITIVA DE PERSOAS NON SELECCIONADAS PARA TER ACCESO AO PERMISO DE EXPLOTACIÓN PARA MARISQUEO A PÉ NA CONFRARÍA DE VILAXOÁN

ANTECEDENTES

Primeiro. A Orde do 21 de decembro de 2020, pola que se aproba o Plan xeral de explotación marisqueira para o trienio 2021- 2023, aproba o plan de explotación de moluscos bivalvos na modalidade a pé da confraría de pescadores de Vilaxoán no que se contempla a ampliación de permisos de explotación para o marisqueo a pé, ata acadar o número máximo de 70 participantes.

Segundo. Mediante Resolución do 1 de xuño de 2021 convocouse un proceso selectivo para a cobertura de dúas (2) prazas de marisqueo a pé para o exercicio da actividade extractiva no ámbito territorial do plan de explotación conxunto, modalidade de a pé, na confraría de pescadores de Vilaxoán.

Terceiro. Mediante Resolución do 21 de xaneiro de 2021, da xefa territorial da Consellería do Mar en Vigo, publícase a relación definitiva de aspirantes seleccionados e non seleccionados para o acceso ao permiso de explotación na modalidade de marisqueo a pé para o exercicio da actividade extractiva no ámbito territorial da Confraría de Pescadores de Vilaxoán. A lista de non seleccionados constitúe unha lista de reserva, que poderá ser empregada para cubrir as prazas vacantes que se produzan durante o ano da súa vixencia.

Cuarto. O 16 de febreiro de 2022 a Confraría de Vilaxoán solicita o emprego da lista de reserva para cubrir unha (1) praza vacante xurdida pola xubilación dunha mariscadora. Autorizouse o emprego da lista de reserva para cubrir esta praza, mediante Resolución da Xefatura Territorial da Consellería do Mar en Vigo do 17 de febreiro de 2022.

Quinto. O 21 de abril de 2022 a Confraría de Vilaxoán solicita o emprego da lista de reserva para cubrir unha (1) praza vacante xurdida pola renuncia ao permiso de explotación dunha mariscadora. Autorizouse o emprego da lista de reserva para cubrir esta praza, mediante Resolución da Xefatura Territorial da Consellería do Mar en Vigo do 28 de abril de 2022.

Sexto. O 5 de decembro de 2022 a Confraría de Vilaxoán solicita o emprego da lista de reserva para cubrir dúas (2) prazas vacantes.



CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

Primeiro. Esta Xefatura Territorial é o órgano competente para o outorgamento dos permisos de explotación de conformidade co establecido no Decreto 425/1993, do 17 de decembro, polo que se refunde a normativa vixente sobre o permiso de explotación para exercer a actividade pesqueira e marisqueira, modificado polo Decreto 114/2007, de 31 de maio e polo Decreto 48/2013, do 7 de marzo.

Segundo. A Orde da Consellería do Mar do 15 de xullo de 2011 pola que se regula o permiso de explotación para o marisqueo a pé (DOG nº 144 de 28 de xullo de 2011) establece no seu artigo 7 a constitución dunha lista de reserva integrada pola relación definitiva de persoas non seleccionadas que non foron excluídas do procedemento selectivo, cunha vixencia dun (1) ano que se contará desde o día seguinte ao da data de resolución da xefatura territorial.

A confraría de pescadores ou entidade asociativa, de conformidade coa agrupación sectorial, de estar constituída, poderá solicitar á xefatura territorial correspondente o emprego da lista de reserva nos seguintes supostos:

- a) Cando se produzan praza vacantes durante o proceso de outorgamento.
- b) Cando se produzan praza vacantes durante a vixencia dos plans de xestión correspondentes.

Na actualidade, no censo de mariscadores da confraría de Vilaxoán hai 68 persoas con permex a pé. A confraría de Vilaxoán solicita o emprego da lista de reserva para cubrir dúas (2) prazas vacantes, xurdidas por unha renuncia e unha baixa do permiso durante a vixencia do plan.

Terceiro. Correspóndelle a esta Xefatura Territorial ditar esta resolución de acordo co disposto no Decreto 245/2009 do 30 de abril, polo que se regulan as delegacións territoriais da Xunta de Galicia.

Á vista do exposto, esta Xefatura Territorial, en virtude das competencias atribuídas,

RESOLVE:

Autorizar o emprego da lista de reserva para cubrir **dúas (2) prazas** vacantes e publicar os nomes das persoas seleccionadas para o outorgamento do permiso de explotación de marisqueo a pé na confraría de Vilaxoán:

Xefatura Territorial de Vigo
Rúa Concepción Arenal, 8-4º andar
36201 Vigo (Pontevedra)
Tel.: 986817104
recursosmarinos.cmm.vigo@xunta.gal





Apelidos e nome	D.N.I.
PIÑEIRO VIDAL, CARMEN	* * * 6612 * *
GÓMEZ NOYA, NATALIA	* * * 6708 * *

Nota: ocúltase parcialmente o número de D.N.I. en aplicación das garantías de protección da súa divulgación, seguindo o establecido pola Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e Garantía dos Dereitos Dixitais en relación á identificación dos interesados nas notificacións por medio de anuncios e publicacións de actos administrativos, así como a orientación para a súa aplicación da Axencia Española de Protección de Datos.

As persoas seleccionadas deberán acreditar no prazo de quince (15) días hábiles, que se contarán dende o día seguinte ao que se publique esta resolución, os requisitos para obter o permiso de explotación; de non facerse así neste prazo, entenderase que decaen do seu dereito. Deben presentar a seguinte documentación:

- a) Fotografía co seu nome e DNI escrito por detrás.
- b) Documentación que acredite que a persoa non está incapacitada para exercer os labores de marisqueo.
- c) No caso de non ter sido asinada a autorización da consulta: certificado que acredite que a persoa non é perceptora da renda de integración social de Galicia (RISGA). **As persoas perceptoras da renda de integración social de Galicia, deberán renunciar a ela.**
- d) No caso de non ter sido asinada a autorización para a consulta: certificado da Seguridade Social que acredite que a persoa non é perceptora de pensións de xubilación, grande invalidez, incapacidade permanente absoluta, incapacidade permanente total, en favor de familiares.
- e) No caso de non ter sido asinada a autorización para a consulta do certificado de mariscador no caso de que o posúan e non fose presentado coa solicitude: copia do certificado de mariscador. Aquelas persoas que non o posúan, terán que realizar o curso a primeira vez que sexan convocados - salvo causa debidamente xustificada - pola Dirección xeral de Desenvolvemento Pesqueiro.

A documentación requirida deberá dirixirse á Xefatura Comarcal do Mar en Vilagarcía de Arousa.

Se dentro do prazo fixado non presentase a documentación ou do exame dela se deducise que carecen dalgún dos requisitos sinalados na base I.2. da convocatoria do proceso selectivo do 1 de xuño de 2021, entenderase que desiste da súa solicitude (excepto o certificado de mariscador, apartado III. d) das bases da convocatoria). Neste caso, emitirase unha nova resolución modificándoa, na que se indicarán as

Xefatura Territorial de Vigo
Rúa Concepción Arenal, 8-4º andar
36201 Vigo (Pontevedra)
Tel.: 986817104
recursosmarinos.cmm.vigo@xunta.gal



persoas aspirantes seleccionadas pola desistencia das persoas que non presentaron a documentación ou carecen dos requisitos, outorgándolles un prazo de quince (15) días hábiles, que se contarán a partir do día seguinte ao da publicación da nova resolución, para que acheguen a documentación que figura na base III da convocatoria.

De conformidade co disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (BOE núm. 236, do 2 de outubro de 2015), contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, poderán interpor recurso de alzada ante a conselleira do Mar no prazo de un mes a contar dende o día seguinte ó da súa notificación.

A xefa territorial

Sonia Lorenzo Santos

Por delegación de firma (Resolución do 29/12/2021)

A xefa do Servizo de Pesca, Acuicultura e Innovación tecnolóxica

Carmen de Benito Caula

